

Facultade de Enfermaría e Podoloxía



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TRABALLO DE FIN DE GRAO EN ENFERMARÍA

Curso académico 2019/2020

**Ansiedade en adolescentes en Ferrol. Un estudo cualitativo e
cuantitativo**

Proxecto de Investigación

Sofía Vila Carracedo

Director(es): Dra. María Teresa Seoane Pillado

Dña. Laura Delgado Lobete

ÍNDICE

RESUME	5
RESUMEN.....	6
ABSTRACT.....	7
1. ANTECEDENTES Y ESTADO ACTUAL DEL TEMA.....	8
Que é a ansiedade?	8
A adolescencia.....	9
A ansiedade na adolescencia	9
2. APLICABILIDADE.....	11
3. OBXECTIVOS	12
Obxectivo xeneral.....	12
Obxectivos específicos.....	12
Obxectivos cualitativos	12
Obxectivos mixtos.....	12
Obxectivos cuantitativos	12
4. METODOLOXIA	13
4.1. Estratexia de procura bibliográfica	13
4.2. Tipo de deseño.....	14
Estudo cualitativo.....	14
Estudo cuantitativo	14
4.3. Período do estudo	14
4.4. Ámbito e mostra do estudo	14
4.5. Criterios de inclusión y de exclusión	14
Criterios de inclusión	14
Criterios de exclusión	15
4.6. Selección da mostra.....	15
4.7. Recollida de datos.....	15

Recollida de datos cualitativos.	15
Recollida de datos cuantitativos.	16
4.8. Variables e medicións	16
Variables sociodemográficas	16
Variable clínicas.....	17
Variable principal: Grao de ansiedade	17
4.9. Xustificación do tamaño mostral.....	18
Estudio cualitativo	18
Estudio cuantitativo.....	19
4.10. Análise de datos.....	19
Análise de datos cualitativos	19
Análise de datos cuantitativos	20
5. LIMITACIÓNS DO ESTUDO	22
6. PLAN DE TRABALLO.....	23
7. ASPECTOS ÉTICO-LEGAIS	25
8. PLAN DE DUFUSIÓN DE RESULTADOS.....	26
8.1. Publicación en revistas científicas.....	26
8.2. Congresos	27
9. FINANCIACIÓN DA INVESTIGACIÓN	28
9.1. Recursos necesarios.....	28
9.2. Fontes de financiación	29
10. REFERENCIAS	30
ANEXOS.....	32
ANEXO I: Folla de información os participantes (Galego).....	33
ANEXO II: Folla de información os participantes (Castelán)	36
ANEXO III: Consentimento informado para os participantes (Castelán)	38
ANEXO IV. Consentimento informado para os participantes (Galego)	39

ANEXO V. Consentimento informado para os representantes (Castelán)	40
ANEXO VI. Consentimento informado para os representantes (Galego).....	41
ANEXO VII: Guión da entrevista para a recollida de datos cualitativos.....	42
ANEXO VIII. Folla de recollida de datos.....	43
ANEXO IX: Inventario de ansiedade de Beck	45
ANEXO X: State-Trait Anxiety Inventory	47

RESUME

Introdución: A ansiedade é unha afección que produce temores, preocupacións e síntomas físicos. É importante diferenciar entre a ansiedade normal e a patolóxica. A ansiedade patolóxica non ten unha causa identificable e acaba alterando o comportamento, ademais non ten unha recuperación rápida. Dentro dos distintos tipos de ansiedade encontramos o trastorno de ansiedade xeneralizada que normalmente afecta aos nenos e adolescentes.

Segundo a OMS é un tema que está moi presente sobre todo nos rapaces novos, estimase que entre un 10% e o 20% dos adolescentes teñen trastornos mentais. É importante tanto a detección como o tratamento na adolescencia xa que a aparición temperá da ansiedade asociase con un peor curso clínico ao longo da vida. Ademais está relacionado con problemas como son o abuso de alcohol e sustancias, comportamento sexual arriscado, risco de suicidio e problemas académicos.

Obxectivos: O obxectivo xeneral e determinar cales son os síntomas e preocupacións que teñen en común os adolescentes en Ferrol. Dentro dos específicos indagarase nos principais síntomas e no coñecemento que teñen os adolescentes sobre a ansiedade, identificarase os factores do entorno asociados aos síntomas dos adolescentes e determinarase a correlación entre as diferentes ferramentas de avaliación do grado de ansiedade.

Metodoloxía: Realizarase un estudo mixto, é dicir, cualitativo e cuantitativo. No estudo participarán os adolescentes entre 13 e 16 anos que acudan a unidade de saúde mental no Hospital Naval de Ferrol. Estes serán entrevistados (recollida de datos cualitativa) e cubrirán uns cuestionarios (recollida de datos cuantitativos) para determinar o grado de ansiedade que teñen. Os cuestionarios usados neste estudo serán o STAI e o inventario de Beck.

RESUMEN

Introducción: La ansiedad es una afección que produce temores, preocupaciones y síntomas físicos. Es importante diferenciar entre la ansiedad normal y la patológica. La ansiedad patológica no tiene una causa identificable y acaba alterando el comportamiento, además no tiene una recuperación rápida. Dentro de los distintos tipos de ansiedad encontramos el trastorno de ansiedad generalizada que normalmente afecta a los niños y adolescentes.

Según la OMS es un tema que está muy presente sobre todo en los jóvenes, se estima que entre un 10% y un 20% de los adolescentes tiene trastornos mentales. Es importante tanto la detección como el tratamiento en la adolescencia ya que la aparición temprana de la ansiedad se asocia con un peor curso clínico a lo largo de la vida. Además está relacionado con problemas como son el abuso del alcohol y sustancias, comportamiento sexual arriesgado, riesgo de suicidio y problemas académicos.

Objetivos: El objetivo general es determinar cuáles son los síntomas y preocupaciones que tiene en común los adolescentes en Ferrol. Dentro de los específicos se indagará e los principales síntomas y en el conocimiento que tiene los adolescentes sobre la ansiedad, se identificara en los factores del entorno asociados a los síntomas de los adolescentes y se determinará la correlación entre las diferentes herramientas de evaluación del grado de ansiedad

Metodología: Se realizará un estudio mixto, es decir, cualitativo y cuantitativo. En el estudio participarán los adolescentes entre 13 y 16 años que acudan a la unidad de salud mental en el Hospital Naval de Ferrol. Estos serán entrevistados (recogida de datos cualitativos) y cubrirán unos cuestionarios (recogida de datos cuantitativos) para determinar el grado de ansiedad que tiene. Los cuestionarios usados en este estudio serán el STAI y el inventario de Beck.

ABSTRACT

Introduction: Anxiety is a condition that produces fears, worries and physical symptoms. It is important to differentiate between normal and pathological anxiety. Pathological anxiety does not have an identifiable cause and ends up altering behaviour, and it does not have a rapid recovery. Within the different types of anxiety we find the generalized anxiety disorder that normally affects children and adolescents.

According to the WHO it is a subject that is very present especially in young people, it is estimated that between 10% and 20% of adolescents have mental disorders. Both detection and treatment in adolescence is important since early onset of anxiety is associated with a worse clinical course throughout life. It is also related to problems such as alcohol and substance abuse, risky sexual behavior, suicide risk, and academic problems.

Objectives: The overall objective is to determine what symptoms and concerns adolescents in Ferrol have in common. Within the specifics, we will investigate the main symptoms and the knowledge that adolescents have about anxiety, we will identify the environmental factors associated with the symptoms of adolescents and we will determine the correlation between the different tools to evaluate the degree of anxiety

Methodology: A mixed study will be carried out, i.e. qualitative and quantitative. The study will involve adolescents between 13 and 16 years of age who attend the mental health unit at the Naval Hospital in Ferrol. They will be interviewed (qualitative data collection) and will cover some questionnaires (quantitative data collection) to determine the degree of anxiety they have. The questionnaires used in this study will be the STAI and the Beck inventory.

1. ANTECEDENTES Y ESTADO ACTUAL DEL TEMA

Que é a ansiedade?

A ansiedade é un trastorno mental que tamén pode denominarse como angustia. Esta afección produce temores e preocupacións aparte de síntomas físicos como son a dor no peito. Ademais, pode producir dificultades para durmir ou para concentrarse. Normalmente na vida cotiá téndense e ter preocupacións, o problema está en ter unha preocupación excesiva sobre estes aspectos da vida, o que acaba producindo un trastorno da ansiedade. Por iso é importante diferenciar ben entre esta angustia normal ou patolóxica (1,6). Por un lado está angustia normal que é orixinada por unha causa identificable, como pode ser a ansiedade social ou a ansiedade interpersoal. Por outro lado, existe a angustia patolóxica a cal non ten unha causa identificable, y que es una sensación de perigo e máxima o que acaba alterando o comportamento (6). Na ansiedade normal hai unha recuperación rápida ao desaparecer a situación de estrés mentres que na patolóxica non (6).

Dentro dos trastornos de ansiedade atopamos a ansiedade xeneralizada que normalmente afecta a nenos e adolescentes. Este tipo de ansiedade dura como mínimo 6 meses, e nela hai unha preocupación irreal a diario. Algúns dos síntomas que poden aparecer son: inquietude, sentirse fatigado, ter o sono alterado ou tensión muscular (1, 6). É importante especificar que as persoas con dita enfermidade ven alterado o seu funcionamento normal, por iso se considera unha enfermidade (1).

O trastorno de ansiedade é un tema que esta moi presente, sobre todo nos rapaces novos, segundo a OMS 1 de cada 6 rapaces, entre 10 e 19 anos, sofren algún problema de saúde mental (2). Este número está en aumento ultimamente, segundo o Instituto Nacional de Saúde entre o 2007 e o 2012 os trastornos de ansiedade aumentaron un 20% entre os nenos e os adolescentes (8). Normalmente téndese a pensar que é un problema que son afecta a xente adulta pero nestes últimos anos estase demostrando todo o contrario, aparecendo numerosos casos nos adolescentes. Sobre este tema hai poucas investigacións concretamente por este pensamento de que “a poboación adolescente é relativamente san” (6).

A adolescencia

A adolescencia é unha etapa que ronda entre os 10 aos 21 anos (7), e que se caracteriza pola aparición e desenvolvemento de grandes cambios tanto físicos como mentais (6). Ditas idades son bastante relativas, xa que non en todo os rapaces aparece nas mesmas idades. Pódese diferenciar a adolescencia temperá que abarcaría entre os 10 e os 13 anos; adolescencia media, que sería entre os 14 e os 17 anos; e a adolescencia tardía, que sería entre os 18 e os 21 anos (7). Nestas idades aparecen tanto cambios físicos como cambios do entorno, polo cal son máis vulnerables as enfermidades da saúde mental. Ditos cambios sófrenos bastante rápidos o que supón unha adaptación a esta nova situación apresuradamente (2, 6, 7).

Os cambios provocados nesta etapa poden implicar a que algúns adolescentes perciban presións do entorno social e familiar que, nalgúns casos, poden derivar en problemas na saúde mental, como a ansiedade, que pode acabar sendo un problema permanente (6). Outras problemáticas que os adolescentes poden afrontar inclúen abuso de substancias e o desenvolvemento da depresión (6), que agravarían a situación de ansiedade de esta poboación.

A ansiedade na adolescencia

Segundo a OMS estimase que entre o 10% e o 20% dos adolescentes experimentan trastornos mentais e que estes non son diagnosticados nin tratados adecuadamente (2). Algo moi importante no desenvolvemento deste trastorno é tanto o entorno familiar coma o escolar. Ademais, poden aparecer factores de risco como a adaptación ao grupo de amigos, a exploración sexual, a tecnoloxía e ter máis autonomía (2).

É especialmente importante o tratamento da ansiedade nos adolescentes xa que a aparición temperá da ansiedade asociase con un peor curso clínico ao longo da vida (3). Ademais, na xuventude relacionase con problemas como o abuso de alcohol e substancias, un comportamento sexual arriscado, risco de suicidio e problemas académicos, engadindo tamén os problemas físicos (3, 6).

Hai que ter en conta que o que acontece nunha etapa da vida repercute na seguinte, así sucesivamente ao longo da vida. Polo que a adolescencia é unha etapa a cal afecta a seguinte, a etapa adulta. Incluso esta etapa, a adulta, pode repercutir na seguinte xeración. Por iso é importante unha boa saúde mental na adolescencia para previr os problemas na idade adulta, e con conseguinte nas xeración vindeiras (4,7). Segundo os estudos, hai unha

modesta evidencia de mellora nos síntomas se se actúa preventivamente sobre a ansiedade. A maior parte dos programas de prevención son levados acabo nas escolas (3). O obxectivo destas intervencións é promover saúde mental, intentando así previr o desenvolvemento das enfermidades mentais (5).

A OMS recomenda a realización de programas que se centren na promoción da saúde e na prevención dos problemas (2,6). Na Asemblea Mundial da saúde de 2013 aprobouse un plan de saúde mental no que recoñécese a saúde mental como un elemento esencial para o benestar dos individuos (6). Os programas de prevención y promoción de saúde propostos céntranse en fortalecer as capacidades dos adolescentes para regular as emoción, pretendendo así que se evitan comportamentos de risco (2). Outro punto importante que se intenta promover e o desenvolvemento en contornos sociais favorables (2).

Segundo os datos recollidos pola OMS entre as 10 causas de anos de vida axustados pola discapacidade a primeira causa son os trastornos depresivos unipolares e no posto numero 8 atópanse os trastornos de ansiedade (4). Estes datos están recollidos por diferenza de sexos no cal de pode ver como ambos problemas predominan máis nas rapazas que nos rapaces (4).

2. APLICABILIDADE

O estudo propónse debido ao aumento de casos de ansiedade nos adolescentes. O que se propón e ver cales son as principais preocupacións e síntomas dos adolescentes que acoden a Unidade de Saúde mental infanto-xuvenil en Ferrol, é dicir, cales son os máis habituais.

Ante estes datos o que se pretende é que se poida actuar dunha forma precoz nos rapaces de entre 13 e 16 anos, podendo así previr na medida do posible a ansiedade, mellorando deste xeito a súa saúde nesta etapa da vida como nas seguintes.

3. OBXECTIVOS

Obxectivo xeneral

- Determinar cales son os síntomas e preocupacións que teñen en común os adolescentes en Ferrol.

Obxectivos específicos

Obxectivos cualitativos

- Indagar nos principais síntomas da ansiedade.
- Indagar no coñecemento do adolescentes sobre a ansiedade.

Obxectivos mixtos

- Identificar os factores do entorno asociados aos síntomas e preocupación nos adolescentes.

Obxectivos cuantitativos

- Describir as características sociodemográficas dos adolescentes con ansiedade.
- Valorar e describir a ansiedade dos adolescentes como “estado” e como “rasgo”.
- Cuantificar a gravidade da ansiedade que sofren.
- Determinar a concordancia entre as diferentes ferramentas de avaliación do grado de ansiedade nos adolescentes.

4. METODOLOXIA

4.1. Estratexia de procura bibliográfica

Base de datos	Estratexia de procura	Filtros	Artigos obtidos	Artigos válidos
GOOGLE ACADEMICO	Anxiety AND Adolescents AND Prevention AND School	-	12.000	3
DIALNET	Ansiedad AND Adolescencia	Artigo de revista	606	1
PUBMED	((("Anxiety"[Mesh]) AND "Adolescent"[Mesh]) AND "prevention and control" [Subheading]) AND "Schools"[Mesh]	-	50	1
BÚSQUEDA INVERSA	-	-	15	3

4.2. Tipo de deseño

Realizarase un estudo mixto, cualitativo e cuantitativo.

Estudio cualitativo

Exponse un estudo de deseño de corte fenomenolóxico, xa que pretende explicar as experiencias dos participantes sobre ansiedade.

Estudio cuantitativo

Exponse un estudo descritivo, transversal e observacional, intentando así describir un feito nun momento determinado de tempo, minimizando o risco de manipulación subxectiva do mesmo.

4.3. Período do estudo

A duración do estudo será de 13 meses, desde Xaneiro de 2020 ata Febreiro de 2021. Os meses seguinte desde Marzo ata Decembro deixaranse para a publicación de resultados. A recollida de datos durará 3 meses.

4.4. Ámbito e mostra do estudo

O estudo desenvolverase na Unidade Infanto-Xuvenil de Saúde Mental de Ferrol. Está situada na 3º planta, sector A do Hospital Naval (Ferrol). Nestas unidades atendese aos mozos ata os 16 anos, incluídos. Estes son atendidos de forma ambulatoria de todas as patoloxías psiquiátricas infantís.

Os participantes do estudo serán mozos de entre 13 e 16 anos que acudan a esta unidade de saúde mental. Estes deberán estar diagnosticados de trastorno da ansiedade.

4.5. Criterios de inclusión y de exclusión

Criterios de inclusión

- Adolescentes entre 13-16 anos, ambos incluídos.
- Adolescentes que acudan a Unidade de Saúde Mental.
- Adolescentes diagnosticados de trastorno da ansiedade xeneralizada o trastorno de angustia.

Criterios de exclusión

- Que os pais non firmen o consentimento
- Que os adolescentes non firmen o consentimento para os estudos con recollida de datos.
- Que os adolescentes presenten outros problemas de saúde mental como trastorno de bipolaridade, o trastorno de hiperactividade.

4.6. Selección da mostra

No estudo participaran mozos de entre 13-16 anos que acudan a unidade de saúde mental de Ferrol.

A investigadora principal poñerase en contacto co persoal sanitario da unidade e facilitaralle toda a información relacionada co estudo. Posteriormente será o persoal da unidade que quen informará aos pacientes a posibilidade de participar no estudo poñéndose en contacto vía correo ou por teléfono coa investigadora principal. A todos os participantes se lles ofrecerá a posibilidade de realizar tanto a entrevista como o cuestionario.

Unha vez que se poñan en contacto coa investigadora acordarase que e o que van a realizar. No caso que querer realizar ambas partes establecerase un día para acudir a unidade. Nese día volveráselle a explicar como é todo o procedemento do estudo e a súa finalidade (Anexos [I](#) e [II](#)), ademais firmaranse os consentimentos e realizarase a entrevista (Anexo [III](#), [IV](#), [V](#) e [VI](#)). Toda a intervención non se fará na propia consulta senón que utilizarase unha aula do hospital naval. No caso de querer solo realizar o cuestionario enviaráselle por correo tanto os consentimentos como o propio cuestionario, co cal non terán que acudir a consulta.

4.7. Recollida de datos

Recollida de datos cualitativos.

Utilizaranse entrevistas semi-estruturadas con preguntas abertas, con el obxectivo de que a entrevista sexa fluída, é dicir, que o entrevistado se sinta como nunha conversación. Neste caso levaranse a cabo as entrevistas sen acompañantes, é dicir, sen a presenza dos pais ou titores.

As entrevistas serán realizadas polo entrevistador (investigadora principal). A duración destas serán entre 90-120 minutos. Estas terán unha orde lóxica e intentarase que o mozo responda ao maior número de preguntas posibles. Nunca se realizarán antes ou despois das citas na unidade xa que os mozos pódense ver condicionados con cal as respostas pódense ver alteradas. Durante a entrevista os rapaces serán gravados (audio), aínda así iranse tomando notas ao longo da entrevista, para ter un apoio para axudarse no caso de que se teña que reconducir a conversa.

Durante a intervención levaranse a cabo preguntas encamiñadas a descubrir cales son as súas preocupacións ademais de como se senten tras diagnosticarlle o trastorno de ansiedade tanto con eles mesmos, como co entorno (familia, amigos).

No Anexo [VII](#) atópase o guión proposto para a entrevista. Preténdese que a orde sexa a proposta nesta anexo aínda que o entrevistado pode aportar información relacionada cos temas a tratar se el o considera importante.

Recollida de datos cuantitativos.

O entrevistado cumprimentará o caderno de recollida de datos, que incluírá todas aquelas variables sociodemográficas e clínicas do estudo (Anexo [VIII](#)). Este caderno de recollida de datos cubrirase no principio da entrevista, posteriormente pasarase as preguntas. No caso de que solo teñan que realizar o cuestionario enviaráselle por correo electrónico. Os cuestionarios serán cubertos polo propio participante ca presenza do entrevistador, no caso de que xurda algunha dubida este poderalle axudar (Anexo [IX](#) e [X](#)).

4.8. Variables e medicións

Variables sociodemográficas

- Idade: en anos.
- Sexo: home ou muller.
- Número de irmáns: en número (sen contar ao participante).
- Curso escolar: 1 de ESO, 2 de ESO, 3 de ESO, 4 de ESO, outro (especificar).
- Repetiu algún curso: si ou non. (En caso afirmativo, especificar).
- Traxo dos pais: resposta aberta. Posteriormente clasificarase.
- Nivel educativo de los padres: Educación primaria, Educación Secundaria Obligatoria (ESO), Educación Secundaria Posobligatoria (bacharelato, ciclo medio), Educación Superior.

- Actividades extraescolares que realiza: Deportivas, Pintura, Baile, Academia de idiomas, Academia de reforzo na escola, outro (especificar). Número de hora semanais e o número de días.

Variable clínicas

- Anos aos que lle diagnosticaron o trastorno de ansiedade: en anos (idade).
- Se toma medicación para o trastorno de ansiedade: si ou non (en caso afirmativo indicar o tempo que a leva tomando en anos).

Variable principal: Grao de ansiedade

O grado de ansiedade medirase de forma cuantitativa mediante dúas escalas, a State-Trait Anxiety Inventory (STAI) e o Inventario de Beck.

State-Trait Anxiety Inventory

O STAI é unha escala validada á poboación española que permite avaliar a ansiedade como estado e a ansiedade como rasgo (10). A ansiedade estado fai referencia a un estado de ánimo transitorio e cambiante dependendo da situación mentres que a ansiedade rasgo é unha característica da personalidade, é dicir, é relativamente estable. Cada escala está formada por 20 preguntas, cun total de 40 preguntas. Cada opción conta entre 0-3 puntos chegando a unha puntuación entre 0-60 puntos, sendo 60 a puntuación máxima e a que maior ansiedade indica.

Cada pregunta do STAI conta con as respostas:

- Nada: 0 puntos
- Algo: 1 punto
- Bastante: 2 puntos
- Mucho: 3 puntos

Segundo as propiedades psicométricas a adaptación española do STAI conta con bos índices de fiabilidade. Por un lado a escala de ansiedade rango ten un coeficiente α de Cronbach de 0.90 por outro lado a escala de ansiedade estado ten un coeficiente α de Cronbach de 0.94 (10).

Inventario de Beck. Subescala de ansiedad

Este é un cuestionario que permite valorar a gravidade da ansiedad, na última semana. Nesta intervención utilizarase a adaptación española (11). Consiste en 21 preguntas, síntomas comúns da ansiedad, con 4 respostas nas que se debe elixir unha. As catro posibles respostas son:

- Nada en absoluto: 0 puntos.
- Levemente (non me molesta moito): 1 punto.
- Moderadamente (foi moi desagradable, pero podía soportalo): 2 puntos
- Severamente (apenas podía soportalo): 3 puntos

Cada opción vale entre 0-3 puntos, sumando un resultado máximo de entre 0-63 puntos. Dependendo deste resultado final obteremos o grado de ansiedad no que se atopa o entrevistado.

- Mínimo de ansiedad: entre 0 e 7 puntos.
- Ansiedade leve: entre 8 e 15 puntos.
- Ansiedade moderada: entre 16 e 25 puntos.
- Ansiedade grave: entre 26 e 63 puntos.

Segundo as propiedades psicométricas a adaptación española do inventario de ansiedad de Beck conta con bos índices de fiabilidade (coeficiente α de Cronbach de 0.91) e validez para a medida da presenza e a gravidade da ansiedad (11).

4.9. Xustificación do tamaño mostral

Estudo cualitativo

Estimase que o estudo pode realizarse con 10 entrevistas, chegando deste xeito a saturación teórica. Dita saturación alcanzarse no momento que as entrevistas cos participantes non nos aporten información nova e relevante. No caso de que non sexan suficientes realizaranse máis entrevistas ata chegar finalmente a dita saturación.

Estudo cuantitativo

Estimase que o estudo podería ser viable con 29 adolescentes. Baseándonos nunha varianza do STAI en adolescentes españoles igual a 70 puntos(12). Con esta mostra estimarase o grado de ansiedade cunha seguridade do 95% ($\alpha=0.05$) e precisión do ± 3.3 , asumindo un 15% de perda de información tal e como se mostra na táboa:

Táboa 1. Tamaños das mostras para unha seguridade do 95% ($\alpha=0.05$) e diferentes precisións estimando un 15% de perdas.

Seguridade	Precisión	N	Perdas (15%)
95	2	79	15
95	2.2	65	15
95	2.5	51	15
95	3	35	15
95	3.3	29	15
95	4	20	15

4.10. Análise de datos

Análise de datos cualitativos

Na parte cualitativa do estudo a análise dos datos consiste en ordenar e clasificar a información recollida para un posterior estudo e mellor comprensión.

A proposta que se usará será a baseada nos traballos de Hernández Sampieri, Fernández Collado y Baptista Lucio (2010) (13) e Pedraz Marcos, Zarco Colón, Ramasco Gutierrez e Palmar Santos (2014) (14).

En primeiro lugar realizarase a transcripción dos datos recollidos durante a gravación das entrevistas, tanto das notas de voz como das notas recollidas a man. Posteriormente farase varias lecturas de todos estes datos, con estas lecturas o que se pretende e coñecer e comprender os textos para que despois sexa máis fácil a súa clasificación.

Unha vez feitas as lecturas de todos os textos organizaranse os datos, é dicir, codificaranse. Este proceso o que pretende é fragmentalos segundo os seus significados, co cal será moito máis fácil a súa comprensión. A clasificación consistirá en:

- **Unidade de significado:** Conxunto de palabras ou frases relacionadas co mesmo significado.
- **Código:** Etiqueta dunha determinada unidade de significado.
- **Categoría:** É unha unión de códigos que teñen significados en común.
- **Tema:** É unha unión de varias categorías pero con un concepto máis complexo, é dicir, é unha integración coherente, reflexiva e abstracta dos diferentes datos.

Unha vez que temos todos os datos codificados, interpretarase o significado das categorías respondendo a preguntas como “¿Que nos di?”. Posteriormente comezase a comparación entre as diferentes categorías, tendo diferenzas como similitudes. Existen diferentes enfoques para a realización desta análise comparativa, neste caso realizarase unha análise do contido.

Unha vez feito todo este proceso, interpretarase os resultados obtidos. Posteriormente reflexionarase sobre a aplicabilidade do estudo noutros participantes e noutro contexto. Nesta última fase ademais redactarase un informe de investigación.

Este proceso farase conxuntamente coa recollida de datos para así poder determinar en que momento non son necesarios máis participantes, é dicir, cando se chegou a saturación da información. A saturación teórica está ligada ca retroalimentación constante, que consiste na posibilidade de ir actualizando, modificando a análise de datos. É practicada polo investigador durante todo o proceso, é dicir, afecta a mostra e a recollida de datos.

Análise de datos cuantitativos

Utilizarase o programa estatístico SPSS na súa versión 25. O nivel de significación fixarase en $p < 0,05$.

Comezase realizando unha análise descrittiva das variables categóricas e numéricas. As primeiras, como por exemplo, o sexo e o tipo de trastorno de ansiedade (xeneralizado ou trastorno de angustia), expresarase en números absolutos e porcentaxe. As segundas, como a puntuación total do STAI e o inventario de Beck, expresarase como media e desviación típica, mediana e rango o rango intercuartílico.

Por outro lado, a análise inferencial, seguiranse as diferentes técnicas de análise estatístico. Para determinar a asociación entre dúas variables categóricas como a prevalencia de ansiedade moderada ou grave en función do sexo, utilizarase o Chi-cuadrado o test exacto de Fisher. Antes de realizar a análise con variables numéricas, comprobarase a normalidade destes datos ca proba de Kolmogorov-Smirnov co fin de determinar o uso de análises paramétricos e non paramétricos. Para a comparación de valores medios en dous grupos utilizarase a proba T-Student si a variable cuantitativa segue unha distribución normal, noutro caso aplicarase a proba U de Man-Whitney. Si a comparación realízase en máis de dous grupos aplicácese o test ANOVA ou Kruskal-Wallis.

Para determinar a posible correlación entre variables cuantitativas, como por exemplo a puntuación total do cuestionario STAI coa puntuación total do Inventario de Beck, usarase o coeficiente de correlación de Pearson no caso de que se axusten os contrastes paramétricos pola contra se non se axusta aos contrastes paramétricos usarse o coeficiente de correlación de Spearman.

Estudarase a concordancia entre as escalas de ansiedade con resultado cuantitativo mediante o gráfico de Bland-Altman e o Coeficiente de Correlación Intraclase (CCI). A concordancia entre os resultados categorizados estimarase co Índice Kappa.

Para determinar que variables sociodemográficas e da contorna do adolescente relaciónanse con maior gravidade da ansiedade, aplicaranse modelos de regresión loxística multivariados, recodificando os resultados das escalas utilizadas.

5. LIMITACIÓNS DO ESTUDO

No estudo hai que ter en conta as posibles limitacións que poden aparecer debido os sesgos de información, selección e confusión.

- **Sesgos de información:** Estes derivan da obtención de información. Para evitalos usaranse escalas validadas para a recollida de datos, ademais as entrevistas serán realizadas ca presenza da investigadora principal, enfermeira.
- **Sesgos de selección:** Estes derivan da forma da selección da mostra. Para a parte cualitativa do estudo, a mostraxe realizarase por conveniencia co fin de localizar aos participantes que poidan ofrecer a información sobre a que se quere profundar. Na parte cuantitativa, ofreceráselle a posibilidade de participar a todos os adolescentes que acudan a unidade e que cumpran os requisitos de inclusión e exclusión, co fin de minimizar no posible os sesgos de selección.
- **Sesgos de confusión:** Estes derivan das variables que non están recollidas no estudo e que poden influír nos resultados. Para intenta reducilos inclúiranse variables sociodemográficas e clínicas dos participantes e se axustarán modelos de regresión multivariados.

6. PLAN DE TRABAJO

Es estudo estímase que teña unha duración duns 13 meses ata Febreiro de 2021, os meses seguintes levarase a cabo a difusión de resultados. Na táboa 2 móstrase o cronograma coa distribución das actividades.

Xaneiro-Maio de 2020: Procura bibliográfica e deseño do estudo.

Xuño-Xullo de 2020: Solicitud de aprobación do protocolo ao Comité Autonómico de Ética da investigación de Galicia. Selección dos participantes do estudo.

Setembro-Novembro de 2020: Realizarase a selección da mostra a recollida de datos e a análise cualitativa. Farase todo durante o mesmo período de tempo xa que é un proceso continuo, o que permitirá saber cando se alcanzou a saturación teórica.

Decembro de 2020: Realizarase a análise cuantitativa e a análise estatística.

Xaneiro-Febrero de 2021: Realizarase a interpretación dos resultados .

Xaneiro- Decembro de 2021: Terá lugar a publicación dos resultados tanto en revistas como nos congresos.

Táboa 2. Cronograma do estudo

Actividades	2020				2021	2021
	Xaneiro-Maio	Xuño-Xullo	Setembro-Novembro	Decembro	Xaneiro-Febreiro	Marzo-Decembro
Deseño do estudo						
Solicitud CEIC						
Selección da mostra						
Recollida de datos						
Análise cualitativo						
